

prospección de mercados no estranxeiro e de concorrencia a feiras, exposicións e outras manifestacións análogas, incluíndo neste caso as celebradas en España con carácter internacional.

2. Non procederá a dedución cando o investimento ou o gasto se realice nun Estado ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

3. A base da dedución minorarase no 65 por cento das subvencións recibidas para a realización dos investimentos e gastos a que se refire o punto.»

Este precepto debe ser obxecto de interpretación baixo as previsións de dereito comunitario relevantes, de acordo coa doutrina recollida pola Comisión Europea na súa decisión, parágrafo 62, segundo a cal:

«As axudas á exportación (que están directamente vinculadas ás cantidades exportadas ou as que priman os produtos e servizos nacionais en detrimento dos importados) e as axudas a actividades relacionadas coa exportación (incluídas as axudas ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución ou as axudas a outros gastos correntes vinculados á actividade exportadora e as axudas destinadas a cubrir os custos de participación en feiras comerciais ou os de estudos ou servizos de consultoría, excluídos aqueles para lanzar un produto novo ou xa existente nun novo mercado) non son, en principio, compatibles cos compromisos da UF para coa OMC de conformidade cos Regulamentos da Comisión 69/2001 e 70/2001, relativos á aplicación das axudas estatais ás axudas de minimis e ás pequenas e medianas empresas, respectivamente. A Comisión considera que os incentivos en cuestión non cumpren as condicións sinaladas e, por tanto, non poden ser considerados compatibles co mercado común.»

#### IV

Dado o marco de actividades que encaixarían dentro dos supostos de feito previstos no artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, esta dirección xeral considera que, en aplicación da recomendación emitida e no marco da normativa comunitaria ditada no ámbito do dereito de competencia, non están amparadas no ámbito de aplicación deste incentivo fiscal, a partir da resolución comunitaria indicada, os investimentos que teñan por obxecto o «establecemento e a explotación dunha rede de distribución».

#### V

Outra cuestión fundamental para determinar o alcance das limitacións establecidas para a aplicación da dedución por actividades exportadoras está relacionada co momento temporal en que se deban entender vixentes.

Para resolver esta cuestión resultan relevantes outros actos xurídicos anteriores, relacionados coa interpretación do artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades baixo as prescricións do dereito comunitario. Así, é necesario recordar que a Comisión Europea iniciou investigacións sobre este mesmo precepto en 1996 e adoptou unha decisión con data 31 de outubro de 2000 pola que declarou esta dedución incompatible co Tratado da Comunidade Económica do Carbón e do Aceiro. Posteriormente, o Reino de España recorreu contra esta decisión ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, quen mantivo esta cualificación na súa sentenza do 15 de xullo de 2004. O resultado destas actuacións non afectou a súa aplicación, polo resto de sectores económicos, baixo as prescricións con que estivo vixente.

Ao mesmo tempo, a recomendación agora emitida recolle a posición das autoridades comunitarias sobre a necesidade de poñer fin, con carácter inmediato, aos elementos deste incentivo fiscal que recibiron a considera-

ción de axudas de Estado incompatibles co Tratado da Comunidade Europea.

En consecuencia, esta dirección xeral considera que a mellor forma de cumprir co requirimento formulado e atender as lexítimas expectativas da comunidade empresarial é dar eficacia á interpretación do artigo 37 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades reflectida nesta resolución a partir da data en que se fixeron públicas estas novas consideracións acerca do alcance das normas comunitarias sobre axudas de Estado.

Desta maneira, a dedución fiscal referida non será aplicable en relación cos actos ou negocios xurídicos relativos ao establecemento e a explotación dunha rede de distribución cuxa data de adopción ou celebración sexa posterior ao día 21 de marzo de 2006.

Madrid, 15 de xuño de 2006.—O director xeral de Tributos, José Manuel de Bunes Ibarra.

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**11288** *REAL DECRETO 776/2006, do 23 de xuño, polo que se modifican o Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, e o Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.* («BOE» 150, do 24-6-2006.)

Mediante unha modificación do Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, habilitase o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para modificar os bloques de frecuencias do Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, logo de solicitude das entidades (públicas e privadas) interesadas, co obxectivo de proporcionar maior axilidade na xestión das frecuencias vinculadas a este servizo, que se traduza nun impulso da radio dixital terrestre, permitindo a modificación da localización dos concesionarios nos bloques de frecuencias e nas redes que soportan a prestación do servizo. Así mesmo, esténdese ata o 31 de decembro de 2011 a obriga das entidades habilitadas de acadaren unha cobertura do 80 por cento da poboación coa finalidade de harmonizar o ámbito normativo coa realidade económica e comercial do sector da radio dixital terrestre, dotando o proceso de prazos realistas na extensión da cobertura.

Por outra parte, e dentro do fortalecemento da política do recoñecemento e garantía dos dereitos dos usuarios de telecomunicacións, incorpórase un novo capítulo V que leva por rúbrica «Dereitos en relación co servizo de acceso á internet» ao título VI do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, relativo aos dereitos dos consumidores que sexan persoas físicas e outros usuarios finais, en que se concreta, ao igual que sucede co servizo telefónico dispoñible ao público, o dereito dos abonados ao servizo de acceso á internet a obter unha compensación nos casos de interrupción temporal do servizo. O contrato de abono

do servizo de acceso á internet deberá recoller os termos e condicións en que se lle dará cumprimento a esta obriga.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xuño de 2006,

#### DISPONGO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal.*

O Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, queda modificado do modo seguinte:

Un. Engádesse unha nova disposición derradeira, que será a disposición derradeira primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición derradeira primeira. Habilitación para modificar bloques de frecuencia.

Habilitase o secretario de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información para, logo de solicitude das entidades habilitadas para prestar o servizo de radiodifusión sonora dixital terreal a que se refire este real decreto, modificar os bloques de frecuencias establecidos no Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, tendo en conta as limitacións derivadas da dispoñibilidade do dominio público radioeléctrico e da coordinación internacional de frecuencias.

Se como consecuencia das actuacións previstas no parágrafo anterior, se acorda unha modificación dos bloques de frecuencias, quedarán sen efecto as distribucións de programas que para os entes públicos e as persoas privadas se establecen nos puntos 1, 2, 3, 4 e 5 da disposición adicional primeira, respectando, en todo caso, o número de programas que corresponde a cada unha delas.

Nestes supostos, as entidades habilitadas que resulten afectadas poderanlle solicitar ao órgano competente o cambio do programa ou da rede inicialmente asignada no seu título habilitante.

No caso dos programas e das redes de radiodifusión sonora dixital terreal de ámbito nacional, o órgano competente é o Consello de Ministros.»

Dous. A disposición derradeira única do Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, pasa a ser a disposición derradeira segunda.

Tres. Modifícase o punto 1 do artigo 1 do Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, que figura como anexo do Real decreto 1287/1999, do 23 de xullo, que queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 1. *Bandas de frecuencias.*

1. O servizo de radiodifusión sonora dixital terreal explótase nas seguintes bandas de frecuencias:

- a) 195 a 216 MHz (bloques 8A a 10D).
- b) 216 a 223 MHz (bloques 11A a 11D).
- c) 1452 a 1467,5 MHz (bloques LA a LI).
- d) 1467,5 a 1479,5 MHz.

Os límites espectrais de cada bloque de frecuencias exprésanse no anexo IV.»

Catro. Modifícanse os puntos 3 e 4 do artigo 7 do Plan Técnico Nacional da Radiodifusión Sonora Dixital Terreal, que figura como anexo do Real decreto 1287/1999,

do 23 de xullo, que quedan redactados nos seguintes termos:

«3. Terceira fase: iniciárase nas redes FU-E, MF-I e MF-II antes do 30 de xuño do ano 2001, e nas redes FU e MF correspondentes a cada comunidade autónoma antes da data que determine cada comunidade autónoma para o seu ámbito de cobertura. Esta fase finalizará o 31 de decembro de 2011, co obxectivo de completar, polo menos, unha cobertura do 80 por cento da poboación no seu ámbito territorial.

4. Cuarta fase: iniciárase nas redes FU-E, MF-I e MF-II, antes do 31 de decembro de 2011, e nas redes FU e MF correspondentes a cada comunidade autónoma, antes da data que determine cada comunidade autónoma para o seu ámbito de cobertura. Esta fase terá unha duración de vinte anos, co obxectivo de completar, polo menos, unha cobertura do 95 por 100 da poboación no seu ámbito territorial de cobertura.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios.*

O Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, queda modificado como segue:

Un. Engádesse un novo capítulo V, integrado polo artigo 120, ao título VI do Real decreto 424/2005, do 15 de abril, coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO V

##### **Dereitos en relación co servizo de acceso á internet**

**Artigo 120.** *Dereito a compensación pola interrupción temporal do servizo de acceso á internet.*

1. Cando, durante un período de facturación, un abonado sufra interrupcións temporais do servizo de acceso á internet, o operador deberá compensar o abonado coa devolución do importe da cota de abono e outras cotas fixas, rateadas polo tempo que durase a interrupción. Para estes efectos, o operador estará obrigado a indemnizar automaticamente o abonado, na factura correspondente ao período inmediato ao considerado, cando a interrupción do servizo supoña o dereito a unha compensación por importe superior a 1 euro.

O contrato de abono do servizo de acceso á internet deberá recoller os termos e condicións en que se dará cumprimento a esta obriga.

2. Non será de aplicación o disposto no punto anterior cando a interrupción temporal estea motivada por algunha das causas seguintes:

- a) Incumprimento grave polos abonados das condicións contractuais.
- b) Danos producidos na rede debido á conexión polo abonado de equipamentos terminais que non avaliasen a conformidade, de acordo coa normativa vixente.

3. Para os efectos do dereito a indemnización ou compensación pola interrupción do servizo, e para a determinación da súa contía, cando un operador inclúa na súa oferta a posibilidade de contratar conxuntamente servizos de telefonía fixa e internet, poderá indicar na súa oferta a parte do prezo que corresponde a cada servizo. De o non facer, considerárase o que o prezo de cada un é o proporcional ao

da súa contratación por separado. Se o operador non comercializase os servizos por separado, considerase que o prezo de cada un é o do 50 por cento do prezo total.

4. A compensación prevista neste artigo enténdese sen prexuízo da responsabilidade por danos que se produzan aos usuarios finais, que se exixirá consonte o previsto no artigo 102.3 deste regulamento.»

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada calquera norma de igual ou inferior rango a este real decreto que o contradiga.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de telecomunicacións, recoñecida no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOSÉ MONTILLA AGUILERA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**11289** *REAL DECRETO 751/2006, do 16 de xuño, sobre autorización e rexistro de transportistas e medios de transporte de animais e polo que se crea o Comité Español de Benestar e Protección dos Animais de Producción.* («BOE» 150, do 24-6-2006.)

O transporte de animais constitúe un elo de enorme relevancia dentro da produción gandeira, sobre o que converxen numerosas actuacións administrativas, realizadas por distintas autoridades competentes, especialmente en materia de benestar e de sanidade animal.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece, no seu artigo 47, que os medios de transporte de animais e as empresas propietarias deben estar autorizados como requisito previo para o exercicio da súa actividade. Esta obriga de rexistro xa existía desde a entrada en vigor do Regulamento de epizootias de 1955.

O Real decreto 1041/1997, do 27 de xuño, polo que se establecen as normas relativas á protección dos animais durante o seu transporte, establece a obrigatoriedade de que todo transportista figure inscrito nun rexistro, de maneira que a autoridade competente o poida identificar rapidamente. Ademais, esta norma establece certos requisitos en relación co rexistro dos transportistas que deben ser tidos en conta neste real decreto.

O Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97, que será aplicable a partir do 5 de xaneiro de 2007, establece así mesmo múltiples

requirimentos para a autorización e rexistro de transportistas, contedores e medios de transporte. É necesario ter en conta tamén esta normativa, e prever o necesario para facilitar a súa aplicación a partir do 5 de xaneiro de 2007.

O Regulamento (CE) n.º 998/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio de 2003, polo que se aproban as normas zosanitarias aplicables aos desprazamentos de animais de compañía sen ánimo comercial e polo que se modifica a Directiva 92/65/CEE do Consello, establece limitacións ao número de animais que se poden introducir no territorio da Comunidade Europea procedentes de países terceiros sen que o devandito movemento sexa considerado comercial. Paralelamente e no ámbito do movemento nacional, este aspecto recóllese neste real decreto.

As autoridades competentes das comunidades autónomas, no desempeño das súas competencias, deberán expedir certificados sanitarios e outro tipo de documentación relacionada co traslado ou movemento de animais, en que debe constar información relativa ao transportista e ao propio contedor ou medio de transporte empregado. Así mesmo, na súa actividade inspectora, as autoridades competentes deben comprobar o cumprimento por parte dos transportistas e dos seus contedores e medios de transporte da lexislación vixente en materia de sanidade e benestar animal.

Estas actuacións lévanse a cabo, en numerosas ocasións, sobre transportistas, contedores e medios de transporte autorizados por unha autoridade competente distinta da que outorgou a autorización, mesmo pertencentes a outro Estado membro da Unión Europea. Esta circunstancia, frecuente pola natureza da actividade, fai necesaria a existencia dun rexistro xeral de carácter informativo que lles permita ás autoridades competentes consultar os datos dos transportistas, e dos seus contedores e medios de transporte, autorizados por outras autoridades competentes. Este rexistro debe permitir ao mesmo tempo recoller a información máis relevante respecto a esta actividade, como, por exemplo, a data en que foi concedida a autorización ao transportista, a súa renovación ou, eventualmente, a súa suspensión ou retirada como consecuencia dunha actuación administrativa ou xudicial.

Por outra parte, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, establece así mesmo, no seu artigo 47, que os transportistas deberán levar nos seus vehículos a documentación relativa aos animais que trasladan, así como a autorización administrativa. Tendo en conta que esta autorización debe ter validez non soamente dentro do territorio do Estado español, senón tamén para os transportes realizados fóra do noso país e que o Regulamento (CE) n.º 1/2005 establece disposicións ao respecto, convén prever esta circunstancia.

Ademais, a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, sinala, no seu artigo 48, que os transportistas deben manter para cada vehículo, polo menos, durante un ano, un rexistro de actividade en que fagan constar todos os desprazamentos de animais realizados, con indicación da especie, número de animais, a súa orixe e destino. Por idénticas razóns que no caso da autorización do transportista, convén establecer o contido mínimo deste rexistro, detallando a información contida na citada lei, co fin de facilitar a actividade inspectora da autoridade competente.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2006,